

Hai lugares tranquilos no medio do ruído. Son illas, son oasis, son espazos entornados, silenciosos, en que podemos camiñar entre o pasado e o futuro. Espazos que acubillan os artefactos perfectos que nos conectan coa eternidade.

Desde os andeis das bibliotecas os lombos chaman a nosa atención.

Chegaron os libros, de preto ou de moi lonxe, nunha viaxe que comezou cunha palabra ou unha imaxe. Despois xurdiron moitas máis, ferverza creativa.

Con esa materia prima necesaria, o editor deulle forma: alquimia.

Convocou forzas humanas e tecnolóxicas e actuou: corrección, maquetaxe, deseño; elección do papel, do tipo, do formato. E a maquinaria gráfica dispuxo os ferros, as probas de cor, os roletes de caucho e as catro tintas, para fusionar imaxes e palabras sobre a pasta vexetal.

Velaí o libro: unha faísca da memoria do mundo.



23 de abril de 2022
Día mundial do libro



**XUNTA
DE GALICIA**

Agradecemos ao escritor e editor Xosé Ballesteros o seu texto sobre o libro e a lectura, un agasallo para as Bibliotecas Escolares de Galicia no Día Mundial do Libro e dos Dereitos de Autor/2022.

As imaxes foron tomadas nos obradoiros da imprenta Gráficas Anduriña.